

**CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN, A FAMILIAS CON
NECESIDADE, PARA O CURSO ACADÉMICO 2009/2010.**

1.- Obxecto:

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dun programa de axudas económicas á escolarización para o curso académico 2009/2010 destinado a aquelas familias que non dispoñan de ingresos suficientes para atender os gastos orixinados polo comezo do curso escolar, entendendo por tales a compra de material escolar, vestiario e outros gastos directamente relacionados con el.

2.- Financiamento:

Aportación municipal:

O Concello de Sarria consignou para este fin no seu orzamento ordinario para o exercicio de 2009 a contía de **6.000 euros**.

3.- Número e contía das axudas:

Convócanse un total de **60 axudas, por un importe de 100 euros cada unha**, para a compra de material escolar, vestiario e outros gastos directamente relacionados co comezo do curso escolar.

4.- Beneficiarios das axudas:

Serán beneficiarios destas axudas os alumnos do Concello de Sarria que estean matriculados nos centros sostidos con fondos públicos do municipio, en calquera dos seguintes cursos:

Primeiro a terceiro curso de Educación Infantil.

Primeiro a sexto curso de Educación Primaria.

Primeiro a cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria.

As axudas serán solicitadas polos pais ou polos tutores dos citados alumnos.

5.- Requisitos dos solicitantes:

Poderán solicita-las axudas á escolarización as familias que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter fillos ou te-la custodia de nenos ou rapaces que estean matriculados nos centros sostidos con fondos públicos do municipio de Sarria, en calquera dos seguintes cursos:

Primeiro a terceiro curso de Educación Infantil.

Primeiro a sexto curso de Educación Primaria.

Primeiro a cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria.

- Estar empadroadas no Concello de Sarria. O certificado de empadroamento que expida o Concello deberá acreditar, como mínimo, tres meses consecutivos de residencia no municipio, anteriores a data do anuncio de convocatoria das axudas.
- Que a renda per cápita anual da unidade familiar non supere a metade da cantidade establecida como o IPREM para o ano 2008 en computo anual:
3.101,40 euros (516.030 ptas).

6.- Criterios de valoración:

Para os efectos da presente convocatoria, **entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes, pais ou titores e os seus descendentes en liña recta por consanguinidade ata o primeiro grao (salvo no caso dos titores), que convivan habitualmente no domicilio familiar.**

As axudas adxudicaranse ata esgota-lo crédito orzamentado, e sempre ós solicitantes que acaden as puntuacións maiores en función da aplicación dos seguintes baremos:

Entenderanse por ingresos os que se computen para o obxecto de determina-la base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes ó ano 2008.

a) Situación económica familiar:

Renda per cápita anual:

0,00 € a 1.033,80 €	60 puntos.
1.033,81 € a 2.067,61 €	40 puntos.
2.067,62 € a 3.101,40 €	20 puntos.

b) Outros criterios de valoración:

Outorgaranse puntos cando concorran algunhas das situacións seguintes, que deberán ser acreditadas documentalmente polos solicitantes no momento da presentación das súas solicitudes.

Ser orfo absoluto.....30 puntos.

Cando o sustentador principal da familia se encuentre en situación de desemprego ou sexa pensionista.....25 puntos.

Cando o sustentador principal da familia sexa viúvo/a, pai ou nai solteira, divorciado/a ou separado/a legalmente ou de feito.....20 puntos.

Pertencer a familias numerosas.....20 puntos.

Por cada familiar minusválido, dependente ou incapacitado permanente que conviva coa unidade familiar obxecto desta convocatoria.....15 puntos.

7.- Solicitudes.-

O prazo para a presentación das solicitudes será de **quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio de convocatoria no diario de maior tirada da provincia.** As solicitudes formularanse no modelo oficial que figurará como anexo da convocatoria e presentaranse no rexistro oficial do Concello de Sarria, de 9:00 a 14:00 horas e en días hábiles, ou a través dalgunha das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Xunto coas solicitudes deberánse presentar tódolos documentos que se xulguen necesarios para acredita-las circunstancias que se aleguen e, en todo caso, os seguintes:

Para acredita-los datos persoais e familiares:

- **Fotocopia do D.N.I. do solicitante.**
- **Fotocopia debidamente compulsada do libro de familia e, no seu caso, título de familia numerosa expedido polo organismo competente.**
- **Certificación municipal de empadramento-convivencia na que se acredite, como mínimo, tres meses consecutivos de residencia no municipio.**

- **Certificación do centro escolar correspondente na que se acredite que o alumno está matriculado para cursar estudos durante o ano académico 2009/2010, en calquera dos seguintes cursos: 1º a 3º curso de Educación Infantil, 1º a 6º curso de Educación Primaria e 1º a 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria.**
- **No seu caso, documentación acreditativa da situación de xubilación, desemprego, orfandade, viuvez, separación matrimonial ou ser pai ou nai solteiro/a.**
- **No seu caso, xustificación da minusvalía dependencia ou incapacidade permanente.**

Para acredita-los datos económicos:

- **Declaración do imposto sobre a renda e patrimonio correspondente ó exercicio de 2008 (conxunta da unidade familiar ou individual, no seu caso).**
- **A acreditación dos ingresos das persoas non obrigadas a declarar pola contía dos mesmos referirase ó mesmo período e realizarase da seguinte forma:**
 - a) **Certificacións da Delegación de Facenda de que non constan como declarantes no imposto sobre a renda do exercicio de 2008.**
 - b) **Contratos de traballo, nóminas do ano 2008 ou certificado de retencións e ingresos a conta do I.R.P.F. do ano 2008. Os traballadores autónomos, copia da licenza fiscal ou alta no imposto de actividades económicas, así como xustificante de ingresos do ano 2008.**
 - c) **Certificado expedido polo organismo oficial correspondente no caso de xubilación, incapacidade permanente, paro, asistencia social, viuvez, orfandade ou calquera outra situación pola que se perciba prestación periódica.**
 - d) **Xustificante doutros ingresos (sinalar).**

O Concello de Sarria admitirá a trámite as solicitudes formuladas dentro do prazo, axustadas ó modelo oficial e xunto coa documentación necesaria. No caso de que as solicitudes resultasen incorrectas ou se omitise a presentación dalgún documento esencial para a cualificación do expediente, requirirase ós interesados para que nun prazo de dez días contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, emenden a falta ou presenten os

documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, considerárase que desisten da súa petición e procederáse conforme o que determina o artigo 42.1 da Lei 30/1999.

8.- Lista de adxudicatarios das axudas.

O órgano competente do Concello elaborará e aprobará a lista de adxudicatarios das axudas de acordo coas puntuacións obtidas pola aplicación dos baremos establecidos na convocatoria. A relación incorporará, así mesmo, ós solicitantes ós que se lles denegou a axuda e a súa causa.

No caso de producirse igualdade de puntuación terán prioridade os solicitantes que teñan maior número de fillos ó seu cargo e, de producirse un novo empate, os que acrediten menos ingresos familiares. Os empates posteriores resolveranse por sorteo.

9.- Obrigas dos beneficiarios das axudas e procedemento para a súa xustificación e pagamento.

Os beneficiarios das axudas quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos. Neste sentido, deberán presentar inescusablemente no concello de Sarria, no prazo dun mes dende a elaboración e aprobación da lista definitiva de adxudicatarios, a pertinente xustificación de gastos, que se realizará mediante a presentación das **facturas orixinais ou copias cotexadas correspondentes á compra de material escolar, vestiario e outros gastos directamente relacionados co comezo do curso escolar.**

O Concello de Sarria, de atopar conformes os xustificantes, propondrá o libramento dos fondos.

No caso de que os beneficiarios das axudas incumprisen algunha das condicións ou obrigas estipuladas, o Concello de Sarria anulará os beneficios concedidos e solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora adebedados por aquel, segundo o procedemento que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

10.- Disposición final.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no diario de maior tirada da provincia.

Sarria, 16 de setembro de 2009
O Alcalde,



Asdo.: D. Claudio M. Garrido Martínez.